

Entrevista á escritora e ilustradora Ana Santiso.

Alumnado da materia de Coeducación para o Século XXI

1. Adriana. Ola Ana, cando escribes planificas o guión ou deixas que as ideas xurdan espontaneamente?

-Planifico os guións.

2. Brais. Canto tempo che levou escribir e ilustrar Cidade Cemento?

- Moito, traballando con mais e menos intensidade, houbo momentos nos que ía con mais rapidez e outros nos que me tiña que parar mais. Invertín varios anos.

3. David. Que técnicas utilizaches para ilustrar Cidade Cemento? Inspirácheste en algunha cidade en particular?

- Utilicei acuarela e ao final acabado dixital.
- Inspireime en diversos lugares reais ou ficticios.

4. Abel. Cantos exemplares se publicaron na primeira edición de Cidade Cemento?

- Sobre 500 e 700 exemplares.

5. Nerea. Teremos proximamente Cidade Cemento traducido a outras linguas?

- A verdade é que me gustaría. Seguramente en inglés, francés e castelán.

6. Lucía. En cal das túas obras consideras que te involucraches máis persoal ou emocionalmente?

- Penso que en ningunha outra obra involucreime tanto como en Cidade Cemento.

7. Lorena. Como promocionas os teus libros?

- En actos como este, cando me chaman de centros escolares e presentacións en bibliotecas.

8. Isabel. Nos teus libros podemos atopar algunha referencia autobiográfica?

- Nos que escribín si e nos que ilustro tamén. É inevitable.

9. Melisa. Colaboraches con autores e autoras para ilustrar as súas obras. Tes especial querenza por algunha delas?

- Gustoume moito ilustrar *Alicia no País das Maravillas* (adaptación do texto de Lewis Carol). **Cormarín** tamén me gustou porque foi o primeiro que illustrei.

10. Adriana. Atopamos nas redes unha entrevista na que mencionas que empezaches a colorear nos cadernos que che regalaban na casa de pequena. Tiveches apoio familiar cando decidiches estudar Belas Artes?

-De pequena en realidade non me regalaban ese tipo de cadernos que era o que eu quería que me regalasen.

- Ao principio preferían que estudara outra carreira.

11. Brais. Cal sería o teu consello no caso de decidirnos a estudar Belas Artes? Pensas que debemos dedicarnos ó que nos gusta ou ó que poda ter máis saídas laborais?

- Penso que un ten que facer o que mais lle gusta, pois nisto é no que mais vamos a sobresaír, é importante esta decisión pois isto é ao que vas dedicara na túa vida, ten que ser unha decisión moi meditada.

12. David. Existen desigualdades económicas no teu entorno profesional entre mulleres e homes?

- Non, polo xeral, non.

13. Abel. Falando dos murais, cal foi o lugar onde máis retos atopaches para rematar a obra a nivel físico?

- O lugar onde máis retos atopei foi en Bouzas. Eramos dúas artistas. O pavillón onde pintamos tiña 500 metros cadrados. Un dos problemas era o calor que se pasaba por momentos e que traballabamos arredor de 17 horas ao día.

14. Nerea. Na elaboración dos teus murais atopamos influencias de outras culturas?

- Da cultura galega principalmente.

15. Lucía. Como traballas habitualmente, con cuadrícula, a man alzada, outras técnicas?

- Normalmente, en murais grandes tendo a empregar cuadrícula pero tamén fixen algún a man alzada.

16. Lorena. Es a primeira artista galega en **tokenizar** e rexistrar as túas obras no **Blockchain**. En que consiste?

- Consiste en gardar e rexistrar proxectos de xeito gratuíto na Internet alternativa. A cadea de bloques abre un mundo de posibilidades moi amplo.

